

DEBUXO TÉCNICO II

Circular informativa curso 18-19

Estimados/as compañeiros/as:

Como directora do Grupo de Traballo de Debuxo Técnico II e no nome de todo o Grupo, poñémonos en contacto con todos vós, seguindo ás recomendacións da CiUG, co obxecto de aclarar posibles dúbidas relativas á proba para o acceso á Universidade correspondente.

En primeiro lugar, o grupo de traballo quere enfatizar que o enfoque do exame e dos contidos seguirá sendo exactamente o mesmo que no último curso

En segundo lugar, recordáronse os contidos correspondentes a cada bloque temático (idéntico aos cursos anteriores)

- Os cambios mais significativo en canto a **contidos** (aclaracións nas orientacións xerais) son os seguintes:

O Bloque de Trazados Xeométricos pasa a ser **Xeometría e Debuxo Técnico** desaparecendo contidos de ángulos na circunferencia, construción de triángulos, polígonos e curvas técnicas.

Bloque de **Sistemas de Representación** unicamente terá contidos de Sistema Diedrico e Sistema Axonometrico. Non se esixirá Sistema Cónico (perspectiva lineal) nin Sistema acoutado.

O antigo bloque de **Normalización** desaparece de 2º de bachillerato aínda que parte pódese considerar incluído no novo de **Documentación gráfica de Proxectos** como así se aclara nas orientacións xerais.

Do novo bloque de **Documentación gráfica de Proxectos** unicamente esixírase Debuxos de bosquexos a man alzada e elaboración de debuxos acoutados.

- Non se vai a incluír ningún contido novo. Os contidos que necesitan a utilización de programas informáticos considéranse inviables nestes momentos para as probas.
- En canto á **estrutura do exame** acórdase manter a mesma, con dúas opcións A e B e cada unha delas con tres cuestións (ver exame tipo)

Estamos á súa disposición para calquera dúbida e suxestións

O Grupo de Traballo